



# PLAN DIXITAL

## CEIP LUÍS PIMENTEL

Versión 1.0\_ xuño 2022

Aprobado polo Consello Escolar o día \_\_\_\_/\_\_\_\_/2022, unha vez oído o Claustro.

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introdución

## 1.1. Datos básicos do centro

Tipo de centro.....	Público
Denominación Oficial.....	CEIP Luís Pimentel
Código do centro.....	27014665
Provincia.....	Lugo
Enderezo.....	Rúa Gallego Tato(Xornalista), 5
Código Postal.....	27003
Teléfono e Fax.....	982212469
Email .....	ceip.luis.pimentel@edu.xunta.gal
Páxina Web.....	<a href="http://www.edu.xunta.es/centros/ceipluispimentel/">http://www.edu.xunta.es/centros/ceipluispimentel/</a>
Etapas Educativas.....	E.I e E.P
Unidades do centro.....	9 unidades de E.I e 18 de E.P
Profesorado.....	12 E.I, 34 EP, 1 UACO, 1 mentora do Plan Dixital
Alumnado.....	652

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- A nivel xeográfico o CEIP Luís Pimentel, está situado no Concello de Lugo, na zona norte da cidade e abarcando o barrio da Piringalla e zonas adxacentes.

O colexio non conta con servizo de transporte escolar, pero si de comedor, de xestión indirecta.

Os sectores de traballo dos pais/nais dos alumnos son principalmente os sectores secundario e terciario (servizos), sendo case inexistentes os pertencentes ao sector primario. Outro sector que tivo un incremento importante nos últimos anos é o de nenos pertencentes a familias inmigrantes, cuxos pais desempeñan traballos pouco cualificados no sector terciario na maioría dos casos.

O tipo de poboamento é urbano formado por núcleos nos que as vivendas están moi concentradas onde se erguen bloques de edificios con varios andares. Trátase do tipo ao que pertence a maioría do alumnado do centro, cuxos país residen en edificios de vivendas

aínda que mantendo nos fins de semana a nas vacacións, vinculacións coas familias de orixe nas aldeas de onde proceden e onde residen aínda avós e outros familiares.

En xeral, os nenos e nenas atópanse limitados en canto á súa calidade de vida polas limitacións propias da vida urbana, con pouco contacto co medio rural e limitados polas xornadas laborais dos seus proxenitores. Con todo, a zona educativa é a zona de residencia da maioría dos alumnos, e goza da presenza nas súas inmediacións ou en zonas próximas de dotacións que melloran as súas posibilidades no tempo libre como: pavillón polideportivo, biblioteca pública, parques, xardíns, paseos, piscina municipal.

- Como queda reflectido no PEC, a actividade educativa vai dirixida entre outras a:
  - Promover unha **escola participativa**, dinámica, flexible, traballadora, canalizadora das ideas e das propostas de todos e de todas.
  - **A atención individualizada ao alumnado, tendo en conta as capacidades específicas de cada un.**
  - Promover **proxectos de mellora e innovación.**

**Actividades nas que o PD pode contribuír a acadalas.**

- **PD é importante para desenvolver algún dos obxectivos do PEC** como “Educar ao alumnado para un bo uso das Tics( perigos e riscos das redes sociais e responsabilidade no tratamento dos contidos en rede)”, “lograr un sistema de comunicación áxil e eficaz entre toda a comunidade educativa ( Xade, Espazo Abalar, Web do centro...)”. Asemade, a súa contribución na PXA e nos distintos Plans do Centro é imprescindible.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro.

No artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

- Este centro, como xa se mencionou anteriormente, é un CEIP de tres liñas, cun PEC actualizado o 26 de abril do 2022 e un equipo directivo que finaliza o seu mandato o 30 de xuño do presente ano.  
Durante o presente curso escolar iníciase o Proxecto Dixital do noso centro, tendo en conta a seguinte normativa:

- ✓ *RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.*
- ✓ *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

#### 1.4. Proceso de elaboración

O Claustro do centro aceptou a candidatura da mestra M.L.C.D como mentora para formar parte dun equipo ADIX.

Os pasos a seguir para a implantación do Plan dixital neste curso 2021-2022, foron os seguintes:

**1º paso**, novembro, a creación dos equipos ADIX.

**2º paso**, decembro, envío do cuestionario SELFIE.

**3º paso**, febreiro, Tests CDD, que tivo que cubrir todo o profesorado que se atopaba no centro neses momentos.

**4º paso**, DAFO, análise das dúas ferramentas anteriores.

**5º paso**, abril- marzo, para deseñar obxectivos e acción a seguir.

**6º paso**, xuño, aprobar o plan dixital no Consello Escolar.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### 2.1.1. Infraestrutura dixital

##### Infraestrutura de datos

O Centro ten una conectividade co exterior por fibra óptica.

##### Infraestrutura de voz

Hai dúas liñas telefónicas que dan servizo ao Centro. Unha para os ascensores e outra para a telefonía. Temos unha centraliña (instalada polo Centro) con 15 extensións, o que nos permite comunicarnos con todas as plantas e edificios do recinto.

##### Conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede

Todas as dependencias do centro están comunicadas por cable, tendo en cada estancia dúas tomas de rede (en algunhas estancias unha delas dedicada a telefonía).

Hai tres redes wifi que dan cobertura a todas as dependencias

- A rede **edu.xunta.es**
- A rede **ED\_27014665**
- A rede **ABALAR**

#### 2.1.2 Equipamento

- Aulas Dixitalizadas

Todas as aulas do centro están dixitalizadas. Posúen como mínimo unha conexión a internet por cable, as redes wifi **edu.xunta.es** e **ABALAR**, un ordenador e un proxector (estes últimos na meirande parte vellos e obsoletos que foron mercados polo centro). Teñen Pizarras Dixitais

Interactivas PDI, pero a gran maioría non van ben, xa sexa por fallos na conectividade ou por software desclasificado)

- Proxecto E-Dixgal

O Centro conta con tres aulas (as de 5º de Ed. Primaria) pertencentes ao programa E Dixgal, e outras tres (as de 6º de Ed. Primaria) preparadas para acoller o vindeiro curso a ampliación de dito proxecto.

- Postos de traballo de xestión e administración do centro.

Contamos con catro equipos de xestión e administración, todos eles obsoletos (moi lentos e algún con sistemas operativos desfasados e con moitos problemas para poder usar as tarxetas de identificación)

- Equipos de uso na Biblioteca

Na Biblioteca temos un equipo de xestión do programa MEIGA e dous equipos de consulta.

- Equipos para uso nas salas de profesorado

Nas salas de profesorado temos seis equipos en total, cinco portátiles e un PC.

- Equipos untraportátiles para aula móbil

Equipamento ABALAR obsoleto.

- Aula de Informática

Temos un aula de informática con 15 equipos dotados pola Consellería do ano 2009, con un proxector e unha PDI que non funciona.

- Proxectos específicos

A consellería dotou o pasado curso con 33 equipos de “Posto Educativo no Fogar” para alumnado en situación de risco de fenda social tecnolóxica

- Tablets para uso preferente de PT e AL compradas polo centro.

### 2.1.3 Servizos dixitais educativos

O Centro dispón de correo corporativo [ceip.luis.pimentel@edu.xunta.gal](mailto:ceip.luis.pimentel@edu.xunta.gal) , de páxina web <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipluispimentel/> , de aula virtual



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipluispimentel/aulavirtual/> e proxecto corporativo

E-Dixgal.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- Resumo das áreas do informe SELFI de cada etapa educativa.

Areas	Grupos	Ensinanza.
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2
	Profesorado	3,6
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,2
	Alumnado	3,8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3,8
	Alumnado	4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,7
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3,9
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2
	Profesorado	3,7
	Alumnado	3,7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1,4
	Profesorado	2,9
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	3,6
	Alumnado	4,2

- Test CDD

Información recollida nas táboas 1.3, 2.1, 2.2 e 2.3

*Participación segundo perfil do profesorado*

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	31	41	75,6%
<b>PROVISIONAL</b>	1	1	100%
<b>INTERINO</b>	2	2	100%
<b>SUBSTITUTO</b>	2	3	66,7%
<b>DESPRAZADO</b>	4	7	57,1%

*Puntuación e nivel de competencia do centro*

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>62,3</b>	<b>Explorador/a (A2)</b>	<b>76,4</b>	<b>Integrador/a (B1)</b>

*Puntuación e nivel de competencia por etapas*

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>E.I</b>	<b>50,6</b>	<b>Explorador/a (A2)</b>	<b>68,2</b>	<b>Integrador/a (B1)</b>
<b>E.P</b>	<b>66,6</b>	<b>Integrador/a (B1)</b>	<b>77</b>	<b>Integrador/a (B1)</b>

*Distribución do profesorado por niveis*

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	3	7,5%
<b>A2</b>	21	52,5%
<b>B1</b>	11	27,5%
<b>B2</b>	2	5%
<b>C1</b>	3	7,5%
<b>TOTAL</b>	<b>40</b>	<b>100%</b>

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e o TCDD, o centro realizou unha análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas, Oportunidades) que permitiu o coñecemento da realidade do Centro no eido dixital e facilitou a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. Partindo disto elaboráronse as seguintes táboas.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	* Ordenador e pizarras en todas as aulas (C2)	* Servicio Técnico insuficiente (C5) * Mal funcionamento dos ordenadores (C2)
	PERSOAL DOCENTE	* Compañeiros e compañeiras dispostos a axudar * Boa dispoñibilidade do equipo TICs para solucionar os problemas	* Escasa formación dixital de base para manexar as TICs (TCDD) * Falta de formación específica ao longo do curso, en especial para Ed. Infantil (TCDD) * Falta de tempo para adicarlles as TICs nas dinámicas de aula debido as ratios levadas.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		* Pouca formación no uso das tecnoloxías na parte Académica (H)
	FAMILIAS		* Falta de tecnoloxía nos fogares para practicar
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		* Falta de tempo en horario lectivo para TICs (A4)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Cada vez hai máis cursos de formación en TICs</li> <li>* A Consellería aposta polo desenvolvemento dos Plans Dixitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Falta de tempo por exceso de contidos para poder usar as TICs.</li> <li>* Falta de tempo por parte dos mestres para dedicarlle á formación.</li> <li>* Excesiva burocracia.</li> <li>* Deterioro dalgúns medios informáticos, como as Pizarras interactivas (C2).</li> </ul>
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

### 3. Plan de Acción

Tendo en conta os recursos dispoñibles ( materiais e humanos) neste momento, incidimos naqueles obxectivos que supoñan unha mellora no uso de ditos recursos.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos a traballar durante o curso 2022-2023 serán:

- Área de mellora: E. Pedagogía: Apoios e recursos.

Obxectivo: E2, E3 : Diseñar e empregar procesos de ensino-aprendizaxe mixto.

Data de finalización: curso 2022-2023, xuño de 2023.

- Área de mellora: C. Infraestruturas e Equipos.

Obxectivo: C5: Dispoñer de asistencia técnica no Centro e renovación da Aula TIC.

Data de finalización: curso 2022-2023, xuño 2023.

❖ Ver Anexo Plan de Acción

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Sería necesario dotar a todas as aulas do Centro de ordenador e monitores táctiles interactivos xa que coas PDIs e canóns existentes hai moitas actividades que non se poden realizar.

Renovar os 15 equipos de alumnado e o equipo do profesor da Aula de Informática por estar obsoletos, así como un monitor táctil interactivo, posto que a PDI esixente non funciona. Unha impresora que sirva para o formato A3 que non hai. Asemade sería convinte unha impresora 3D para iniciar ao alumnado nesta tecnoloxía.

Substituír os ordenadores de Administración por equipos modernos e con lectores de tarxetas e softwares actuais.

Nas tres salas de profesorado, dotar de equipos portátiles suficientes tendo en conta o número de profesorado desde Centro xa que o número existente é insuficiente.

Na Biblioteca sería preciso aumentar o número de ordenadores de consulta, un escáner e un lector de códigos para o programa MEIGA.

Renovación das tablets mercadas polo Centro das aulas de Orientación, PT e AL con capacidade suficiente para poder traballar cos programas que necesita este alumnado.

Necesaria renovación das fotocopiadoras do Edificio Novo e do Edificio de 3 anos, que quedaron sen garantía.

Licencias de Windows, Office e antivirus actualizadas porque todas están caducadas.

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”:						E. Pedagogía: Apoios e recursos					
OBXECTIVO 1: (3)		E2, E3 : Diseñar e empregar procesos de ensino-aprendizaxe mixto				Acadado					
RESPONSABLE:		Equipo Directo, Coordinador TIC, Claustro de profesorado				Non acadado					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO(2)		Deseño e emprego de procesos de ensino-aprendizaxe mixto									
Valor de partida (3)		Escaseza de unidades de aprendizaxe na aula virtual									
Valor previsto e data		Que o 30% do profesorado teña 1 unidade de aprendizaxe na Aula Virtual do Centro		Data (4)		Remate do curso 2022/23					
ACCIÓNS A DESENVOLVER											
DESCRICIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN							
				Valoracións das accións (9)		Estado (10)					
AO1.1: Solicitar formación específica para Aula Virtual	Equipo Directivo , Coordinador TIC, CFR	1º Trimestre curso 22/23	CFR			Realizada					
						Aprazada					
						Pendente					
AO1.2: Organizar as unidades de aprendizaxe creadas polo profesorado	Claustro de Profesorado e Coordinador TIC	2º e 3º Trimestres do curso 22/23	Profesorado			Realizada					
						Aprazada					
						Pendente					
AO1.3: Utilización da Aula Virtual na vida ordinaria do Centro	Profesorado	Xuño 2023	Profesorado e Alumnado			Realizada					
						Aprazada					
						Pendente					



"Área/s de mellora": C. Infraestructuras e Equipos						
<b>OBXECTIVO 2 (1)</b>	C5: Dispoñer de asistencia técnica no Centro e renovación da Aula TIC				Acadado	
<b>Responsable</b>	Equipo Directivo e Coordinador/a TIC				Non acadado	
<b>Indicador/es do OBXECTIVO (2)</b>	Existencia de persoa coordinadora TIC con perfil técnico e material imprescindible na aula TIC					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non existe asistencia técnica e material obsoleto na aula TIC					
<b>Valor previsto (4)</b>	Existe asistencia técnica e hai material suficiente na aula TIC			Data (4)	Remate co curso 2022-23	
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				Valoración das accións (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Reorganizar horarios con dispoñibilidade horaria suficiente para a coordinación TIC	Equipo directivo e Inspección Educativa	Setembro 2.022	Persoa Coordinadora		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Renovación aula TIC	Equipo directivo, Coordinador/a TIC e Administración Educativa	Xuño 2.023	Administración		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Elaborar un rexistro de incidencias técnicas	Coordinador TIC	Mensual	Persoa Coordinadora		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## 4. Avaliación do Plan Dixital

### 4.1. Seguimento do Plan de Acción

Dado que o Plan Dixital é un documento que permite o coñecemento do centro no eido dixital, a súa revisión e avaliación é imprescindible; polo que, o procedemento de seguimento do desenvolvemento de dito plan e da consecución de obxectivos levarase a cabo,

No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

### 4.2. Propostas de mellora (revisión)

No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora que se reflectirán tamén na Memoria Anual do Centro.

## 5. Difusión do plan

O Plan Dixital, como os demais plans do centro, están a disposición da comunidade educativa na Páxina web do centro en **O Centro>Secretaría >Documentos do centro**.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cepluispimentel/?q=taxonomy/term/101>